

PROGRAMACIÓN

DEPARTAMENTO DE TECNOLOGÍA

I.E.S

GONZALO TORRENTE BALLESTER

Curso 2020-21

PROGRAMACIÓN -DEPARTAMENTO TECNOLOXÍA

ÍNDICE XERAL

1.- Introducción e contextualización	7
2.- Contribución da materia ao logro das competencias clave	11
3.- Materiais e recursos didácticos	13
4.- Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente	14
5.- Medidas de atención a diversidade	15
6.- Concreción dos elementos transversais	17
7.- Actividades complementarias e extraescolares	19
8.- Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións	20
9.- Plan de integración das T.I.C.	22
10.- Proxecto lector	23
11.- Accións para a contribución ao plan de convivencia	24
12.- Plan de reforzo e recuperación das aprendizaxes imprescindibles	24
13.- Planificación da programación en función da situación sanitaria	24

ÍNDICE POR CURSOS
TECNOLOXÍA ESO

INTRODUCCIÓN	25
 SEGUNDO CURSO DE ESO: TECNOLOXÍA	
1.- Contribución da materia ao logro das competencias clave. Relación dos estándares de aprendizaxes avaliáveis da materia para cada competencia clave.	27
2.- Obxectivos:	37
2.1. Obxectivos xerais de etapa	
2.2. Obxectivos establecidos para cada curso	
3.- Concrecións para cada estándar de aprendizaxe avaliábel de: temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos e instrumentos de avaliación.	40
4.- Concrecións metodolóxicas que require a materia.	45
5.- Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.	47
Rúbricas para a avaliación de proxectos.	
6.- Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.	52
7.- Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adaptar como consecuencia dos seus resultados.	52
 TERCEIRO CURSO DE ESO: TECNOLOXÍA	
1.- Contribución da materia ao logro das competencias clave. Relación dos estándares de aprendizaxes avaliáveis da materia para cada competencia clave.	53
2.- Obxectivos	61
2.1. Obxectivos xerais de etapa	
2.2. Obxectivos establecidos para cada curso	
3.- Concrecións para cada estándar de aprendizaxe avaliábel de: temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia. procedementos e instrumentos de avaliación.	63
4.- Concrecións metodolóxicas que require a materia.	69
5.- Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.	71
6.- Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.	74
7.- Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adaptar como consecuencia dos seus resultados.	75

CUARTO CURSO DE ESO: TECNOLOXÍA

1.- Contribución da materia ao logro das competencias clave. Relación dos estándares de aprendizaxes avaliáveis da materia para cada competencia clave.	76
2.- Obxectivos:	89
2.1. Obxectivos xerais de etapa	
2.2. Obxectivos establecidos para cada curso	
3.- Concrecións para cada estándar de aprendizaxe avaliábel de: temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia. procedementos e instrumentos de avaliación	92
4.- Concrecións metodolóxicas que require a materia.	98
5.- Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.	100
6.- Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.	103
7.- Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adaptar como consecuencia dos seus resultados.	104

TECNOLOXÍA INDUSTRIAL BACHARELATO

INTRODUCCIÓN	105
---------------------	------------

PRIMEIRO CURSO DE BACHARELATO: TECNOLOXÍA INDUSTRIAL

1.- Contribución da materia ao logro das competencias clave. Relación dos estándares de aprendizaxes avaliáveis da materia para cada competencia clave.	107
2.- Obxectivos.	116
3.- Concrecións para cada estándar de aprendizaxe avaliábel de: temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos e instrumentos de avaliación.	117
4.- Concrecións metodolóxicas que require a materia.	121
5.- Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.	122
6.- Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adaptar como consecuencia dos seus resultados.	124

SEGUNDO CURSO DE BACHARELATO: TECNOLOXÍA INDUSTRIAL

1.- Contribución da materia ao logro das competencias clave. Relación dos estándares de aprendizaxes avaliáveis da materia para cada competencia clave.	125
2.- Obxectivos.	134
3.- Concrecións para cada estándar de aprendizaxe avaliábel de: temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos e instrumentos de avaliación.	135
4.- Concrecións metodolóxicas que require a materia.	140
5.- Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.	141
6.- Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adaptar como consecuencia dos seus resultados.	143
7.- Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes ou de cambio de modalidade.	144
8.- Organización dos procedementos que permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios para cursar a materia Tecnoloxía Industrial II.	144

TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN

INTRODUCCIÓN	145
CUARTO CURSO DE ESO	
1.- Contribución da materia ao logro das competencias clave. Relación dos estándares de aprendizaxes avaliáveis da materia para cada competencia clave.	148
2.- Obxectivos.	159
3.- Concrecións para cada estándar de aprendizaxe avaliábel de: temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia. procedementos e instrumentos de avaliación.	161
4.- Concrecións metodolóxicas que require a materia.	170
5.- Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.	173
6.- Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adaptar como consecuencia dos seus resultados.	174
PRIMEIRO CURSO DE BACHARELATO	
1.- Contribución da materia ao logro das competencias clave. Relación dos estándares de aprendizaxes avaliáveis da materia para cada competencia clave.	175
2.- Obxectivos.	185
3.- Concrecións para cada estándar de aprendizaxe avaliábel de: temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos e instrumentos de avaliación.	186
4.- Concrecións metodolóxicas que require a materia.	196
5.- Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.	199
6.- Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adaptar como consecuencia dos seus resultados.	200
SEGUNDO CURSO DE BACHARELATO	
1.- Contribución da materia ao logro das competencias clave. Relación dos estándares de aprendizaxes avaliáveis da materia para cada competencia clave.	201
2.- Obxectivos.	209
3.- Concrecións para cada estándar de aprendizaxe avaliábel de: temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos e instrumentos de avaliación.	210
4.- Concrecións metodolóxicas que require a materia.	215
5.- Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.	216
6.- Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adaptar como consecuencia dos seus resultados.	217
7. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes ou de cambio de modalidade.	217
8. Organización dos procedementos que permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios para cursar a materia Tecnoloxías da Información e da comunicación II.	217

ÍNDICE XERAL

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O artigo 27 da Constitución Española e a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (BOE de 4 de maio de 2006) xunto coa Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa representan o marco lexislativo xeral que desenvolven as normas en virtude do establecido nestas leis e das competencias atribuídas á Comunidade Autónoma de Galicia no artigo 31 do seu Estatuto de Autonomía.

A presente programación pertence ao Proxecto Didáctico planificado polo Departamento de Tecnoloxía do IES Gonzalo Torrente Ballester de Pontevedra. Axustarase ao establecido na seguinte lexislación:

- **L.O.M.C.E. Lei Orgánica 8/2013**, de 9 de decembro, para a Mellora de Calidade Educativa.
- **Real Decreto 1105/2014**, de 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato. (B.O.E. 3 de xaneiro de 2015) e decretos de currículo autonómicos.
- **Orden ECD/65/2015**, de 21 de xaneiro, (B.O.E. 29 de xaneiro) pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, secundaria obrigatoria e bacharelato.
- **Decreto 86/2015**, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG do 29 de xuño de 2015)
- **Capítulo V da Resolución do 27 de xullo de 2015**, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG do 29 de xullo de 2015) que establece os contidos mínimos das programacións didácticas.

Como introdución á programación, presentamos os seguintes aspectos xerais que son comúns a todos os cursos que conforman a etapa de Educación Secundaria.

Contextualización

O IES Gonzalo Torrente Ballester de Pontevedra sitúase na capital da provincia. Conta con tres centros adscritos de Educación Primaria pertencentes as dúas parroquias rurais do concello: o CEIP A Carballeira de Lourizán e os CEIP San Martiño e de Cabanas, de Salcedo.

A nosa oferta educativa abrangue a Educación Secundaria Obrigatoria e as modalidades de Humanidades e Ciencias Sociais e Ciencias e Tecnoloxía do Bacharelato. Impártese tamén un Ciclo Formativo de Grao Superior da familia profesional de Edificación e Obra Civil.

O equipo docente estará formado este curso por 62 profesores ao que hai que engadir dous administrativos, dous conserxes e tres persoas que se encargan da limpeza das instalacións. O equipo directivo está formado polo Director, o Vicedirector, o Xefe de Estudos e o Secretario. Os outros órganos de goberno son o Consello Escolar, o Claustro de Profesores e a Comisión de Coordinación Pedagóxica. O número de alumnos matriculados ata mediados do mes de setembro era de 495, pero previsiblemente aumentará.

En relación ao equipamento cóntase cunha sala de profesores, unha sala de titoría, unha sala de atención ás familias, despachos de cargos directivos, de Orientación, secretaría, conserxaría, salón de actos, biblioteca, cafetaría, aulas específicas para o ciclo superior e aulas específicas para Plástica, Tecnoloxía, Tecnoloxías da información e da comunicación e Música; departamentos, laboratorios de Física, Química e Bioloxía, ximnasio, vestiarios e campos deportivos. Aínda que neste curso académico os departamentos, a aula de Tecnoloxía, de Plástica e de Música non serán utilizadas como aulas específicas debido á falta de espazos no centro ao ter que tomarse nos centros educativos medidas excepcionais pola existencia do COVID-19.

O Centro ten as seguintes unidades:

Curso	Unidades	Alumnos/as aprox. /aula
1º ESO	5	18/18/17/20/17
2º ESO	5	18/19/18/18/17
3º ESO	4	18/19/18/19
4º ESO	4	20/17/16/19
1º Bacharelato	4	16/15/26/17
2º Bacharelato	4	16/18/26/15
1º CICLO	1	11
2º CICLO	1	6

Composición do Departamento

Os profesores que compoñen o Departamento de Tecnoloxía para o curso académico 2020-21 son:

- Mónica López González
- Elena Vázquez García, Xefa de Departamento
- Mónica Vázquez Carballal, Interina
- Roberto Casal López, membro do Departamento de Matemáticas

A **carga horaria** total do Departamento de Tecnoloxía é de 61 horas/semanais, 43 horas de Tecnoloxía e 18 horas de Tecnoloxías da Información e da Comunicación. A Xefa de Departamento ten unha redución de 2 horas/semanais e 1 hora por pertencer ao Consello Escolar.

O Departamento ten as seguintes materias no seu currículo:

- Tecnoloxía (2ºESO, 3ºESO e 4ºESO) e Tecnoloxía Industrial I e II de 1º e 2º de Bacharelato respectivamente.
- Temos unha hora de desdobre en 2º da ESO.
- Tecnoloxías da Información e da Comunicación (4º ESO) e Tecnoloxías da Información e da Comunicación I e II en 1º e 2º de Bacharelato respectivamente.

O reparto horario entre os membros do departamento será o seguinte:

- Mónica López González, (15 horas/semanais de Tecnoloxía, 2 horas/semanais de desdobre de 2º da ESO e 3 horas/semanais de Tecnoloxía Industrial I)
- Elena Vázquez García, Xefa de Departamento (6 horas/semanais de Tecnoloxía, 2 horas/semanais

Programación Departamento de Tecnoloxía (2020-21)

de desdobre de 2º da ESO, 3 horas/semanais de Tecnoloxía Industrial II e 6 horas/semanais de Tecnoloxías da Información e da Comunicación de 4º da ESO).

- Mónica Vázquez Carballal, (12 horas de TIC de Bacharelato e 8 horas/semanais de Tecnoloxía)
- Roberto Casal López (3 horas/semanais de Tecnoloxía e 1 hora/semanal de desdobre de 2º da ESO).

Profesorado	Materia	Nivel e nº de horas
Mónica López/Roberto Casal	Tecnoloxía/Desdobre	2º ESO A- 3 h/ 1h
Mónica López/Elena Vázquez	Tecnoloxía/Desdobre	2º ESO B- 3h/ 1h
Roberto Casal/Elena Vázquez	Tecnoloxía/Desdobre	2º ESO C- 3h/ 1h
Elena Vázquez/Mónica López	Tecnoloxía/Desdobre	2º ESO D- 3h/ 1h
Elena Vázquez/Mónica López	Tecnoloxía/Desdobre	2º ESO E- 3h/ 1h
Mónica Vázquez Carballal	Tecnoloxía	3º ESO A - 2 h
Mónica Vázquez Carballal	Tecnoloxía	3º ESO B – 2h
Mónica Vázquez Carballal	Tecnoloxía	3º ESO C – 2h
Mónica Vázquez Carballal	Tecnoloxía	3º ESO D – 2h
Mónica López	Tecnoloxía	4º ESO A – 3h
Mónica López	Tecnoloxía	4º ESO B – 3h
Mónica López	Tecnoloxía	4º ESO D – 3h
Mónica López	Tecnoloxía Industrial I	1º BAC D – 3h
Elena Vázquez	Tecnoloxía Industrial II	2º BAC D – 3h
Elena Vázquez	TIC	4º ESO A – 3 h
Elena Vázquez	TIC	4º ESO B/C – 3 h
Mónica Vázquez Carballal	TIC I	1º BAC A/B – 2 h
Mónica Vázquez Carballal	TIC I	1º BAC C – 2 h
Mónica Vázquez Carballal	TIC I	1º BAC D – 2 h
Mónica Vázquez Carballal	TIC II	2º BAC C – 3h
Mónica Vázquez Carballal	TIC II	2º BAC D – 3h

A hora de reunión ordinaria do departamento terá lugar normalmente os mércores de 16:00 a 17:00, fora do horario lectivo.

2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Competencia en comunicación lingüística (CCL)

A contribución a esta competencia realízase a través da adquisición de vocabulario específico, que ten que empregarse nos procesos de busca, análise, selección, resumo e comunicación de información; a lectura, interpretación e redacción de informes e documentos técnicos; e a utilización das tecnoloxías da información e comunicación para a elaboración e difusión ou presentación da documentación asociada ao método de proxectos.

Competencia en aprender a aprender (CAA)

Á esta adquisición contribúese polo desenvolvemento de estratexias de resolución de problemas, reflexión sobre as relacións de causa-efecto, a contrastación nos procesos de experimentación e construción. O estudo metódico de obxectos, e sistemas ou contornos e a aplicación do método de proxectos axuda a desenvolver habilidades e estratexias cognitivas e promove actitudes e valores necesarios para a aprendizaxe.

Debérase enfrontar ao alumno con tarefas cuxa complexidade vaia aumentando progresivamente. Do mesmo xeito, a aplicación do método de resolución de problemas favorece o desenvolvemento desta competencia.

Competencias sociais e cívicas (CSC)

No que se refire ás habilidades para as relacións humanas e ao coñecemento da organización e funcionamento das sociedades, virá determinada polo modo no que se aborden os contidos, especialmente os asociados ao proceso de resolución de problemas tecnolóxicos, onde o alumnado ten múltiples ocasións para expresar e discutir adecuadamente ideas e razoamentos, escoitar ás outras persoas, abordar dificultades, xestionar conflitos e tomar decisións practicando o diálogo e a negociación, e adoptando actitudes de respecto e tolerancia cara ás súas compañeiras e aos seus compañeiros.

O traballo en equipo permite inculcar a importancia da coordinación, o respecto ás opinións dos demais e a toma conxunta de decisións como ferramentas indispensables para favorecer a convivencia e a participación democrática para acadar a meta proposta.

Ademáis, o uso responsable das tecnoloxías como valor cívico de referencia baséase no intento de preservar o medio natural como patrimonio de todos e facilitar a coexistencia entre o progreso e a conservación do medio.

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

Nesta competencia, o enfrontar ao alumnado diante de tarefas progresivamente complexas é un dos aspectos máis

Programación Departamento de Tecnoloxía (2020-21)

salientables. Tamén o é o método de resolución de problemas, no que os/as alumnos/as sexan quen de ir superando por si mesmos as diferentes fases do proceso, dun xeito ordenado e metódico, o que lles permita avaliar a súa propia creatividade e autonomía, reflexionar sobre a evolución do seu proceso de aprendizaxe e asumir as súas responsabilidades.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)

O uso instrumental de ferramentas matemáticas, contribúe a adquirir esta competencia. Algunhas destas ferramentas están especialmente presentes nesta materia, como a medición e o cálculo de magnitudes básicas, o uso de escalas, a lectura e interpretación de gráficos, a resolución de problemas baseados na aplicación de expresións matemáticas, referidas a principios e fenómenos físicos, que resollen problemas prácticos ou necesidades sociais.

Son varios os campos nos que se deben aplicar ferramentas matemáticas que contribúan ao desenvolvemento desta competencia: a confección de orzamentos, o emprego de escalas, o cálculo da relación na transmisión de diferentes elementos mecánicos, a medida e cálculo de magnitudes eléctricas básicas e outras.

Competencia dixital (CD)

A contribución desta competencia se basa na inclusión dun bloque específico de tecnoloxías da información e da comunicación que garanta a comprensión do funcionamento e a interacción entre as diferentes partes dun ordenador, así como o uso seguro e responsable de sistemas informáticos, equipos electrónicos e ferramentas e tamén doutros sistemas de intercambio de información.

O tratamento específico das tecnoloxías da información e da comunicación, integrado nesta materia, proporciona unha oportunidade especial para desenvolver esta competencia, e a este desenvolvemento están dirixidos especificamente unha parte dos contidos. Contribuirase ao desenvolvemento desta competencia na medida na que as aprendizaxes asociadas incidan na confianza no uso dos ordenadores, nas destrezas básicas asociadas a un uso suficientemente autónomo destas tecnoloxías e, en definitivo contribúan a familiarizarse suficientemente con eles. En todo caso, están asociados ao seu desenvolvemento os contidos que permiten localizar, procesar, elaborar, almacenar e presentar información co uso da tecnoloxía. Pola outra parte, debe destacarse, en relación co desenvolvemento desta competencia, a importancia do uso das tecnoloxías da información e da comunicación como ferramenta de simulación de procesos tecnolóxicos e para a adquisición de destrezas con linguaxes específicas, como a icónica ou a gráfica.

Competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC)

Adquírese desenvolvendo a iniciativa, a imaxinación e a creatividade na resolución das necesidades sociais e permite unha mellor apreciación das manifestacións culturais que sempre incorporan elementos técnicos.

O estudo e a análise das estruturas das construcións arquitectónicas, industriais e outras, de diferentes

Programación Departamento de Tecnoloxía (2020-21)

culturas, permiten ao alumnado comprender a contribución do desenvolvemento tecnolóxico a determinados elementos estruturais. A evolución dos obxectos está condicionada pola cultura e as súas manifestacións, polas necesidades sociais, as tradicións e a capacidade de adaptación ao medio.

3. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Os materiais curriculares cos que se desenvolverá a seguinte programación para aproximar ou facilitar os contidos, mediar nas experiencias de aprendizaxe, provocar encontros ou situacións, desenvolver habilidades cognitivas, apoiar estratexias metodolóxicas ou facilitar ou enriquecer a avaliación, expóñense a continuación. Un instrumento calquera pasa a ser recurso didáctico cando é incluído nalgún momento do traballo curricular.

Recursos impresos:

- Libro de texto da editorial Oxford para a materia de Tecnoloxía de 2º ESO e en 2º de bacharelato, o libro da editorial Mc Graw Hill.
- Libros da Biblioteca da aula e do Instituto.
- Libros de texto de distintas editoriais para consulta do alumnado e do profesorado.
- Materiais curriculares onde atopar suxestións para posibles modificacións das unidades didácticas. Como meras actividades de reforzo, ampliación ou de adaptación de contidos.
- Documentación técnica variada, planos ou catálogos.
- Xornais e revistas.
- Caderno dos alumnos para facer un seguimento do proceso de aprendizaxe. Tamén pode usarse un caderno dixital
- Fichas de traballo de distintos contidos.

Recursos informáticos e audiovisuais:

- Na Aula de informática temos unha impresora 3D e unha dotación para impartir Robótica e para traballar con Arduino.
- A aula de informática está dotada de ordenadores para cada alumno/a que se empregarán como ferramenta xunto co software. Cada ordenador contén un paquete de ofimática (procesador de textos, folla de cálculo, base de datos, programa de deseño de páxinas Web e de presentacións), así como software para o cálculo e deseño de mecanismos, de deseño de circuitos eléctricos e electrónicos, para traballar coa linguaxe Python, Arduino e para controlar os robots enviados na dotación da Xunta.

Operadores electro-electrónicos e mecánicos. Ferramentas e útiles.

Neste curso académico non poderemos utilizar A Aula Taller pola situación xerada polo COVID-19 xa que será utilizada como grupo de referencia e estará ocupada en todas as sesións lectivas.

Na Aula Taller existen equipos de construción tanto mecánicos como eléctrico así como operadores pneumáticos e ferramentas.

Materiais funxibles:

Repoñense cada ano.

4. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Para gañar en sistematicidade e rigor levaremos a cabo o seguimento e valoración do noso traballo apoiándonos nos seguintes **indicadores de logro**:

- Identifica na programación obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe adaptados ás características do grupo de alumnos aos que vai dirixida a programación.
- Describe as medidas para atender tanto aos alumnos con ritmo máis lento de aprendizaxe como aos que presentan un ritmo máis rápido.
- Emprega materiais variados en canto a soporte (impreso, audiovisual, informático).
- Emprega materiais “auténticos” para favorecer o desenvolvemento das competencias clave e a transferencia das aprendizaxes do entorno escolar ao sociofamiliar e profesional.
- Estimula tanto o pensamento lóxico (vertical) como o pensamento creativo (lateral)
- Fomenta, a través da súa propia conduta e as súas propostas de experiencias de ensinanza-aprendizaxe, a educación en valores.
- Favorece a participación activa do alumno para estimular a implicación na construción das súas propias aprendizaxes.
- Enfronta ao alumno coa resolución de problemas complexos da vida cotián, que exixen aplicar de xeito conxunto os coñecementos adquiridos.
- Establece canles de cooperación efectiva coas familias para o desenvolvemento da educación en valores en no establecemento de pautas de lectura, estudo e esforzo na casa, condicións para favorecer a iniciativa e a autonomía persoal.
- Propón actividades que estimulen as distintas fases do proceso e a construción dos contidos (identificación de coñecementos previos, presentación, desenvolvemento, profundización, síntese).
- Da resposta aos distintos tipos de intereses, necesidades e capacidades dos alumnos.

Programación Departamento de Tecnoloxía (2020-21)

- Orienta as actividades ao desenvolvemento de capacidades e competencias, tendo en conta que os contidos non son o eixo exclusivo das tarefas de planificación, senón un elemento máis do proceso.
- Estimula a propia actividade construtiva do alumno, superando o énfase na actividade do profesor e o seu protagonismo.

5. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

As tarefas que xera o proceso de resolución de problemas pódense graduar de xeito que se poidan atender a diversidade de intereses, motivacións e capacidades que, polo xeral, coexisten nas aulas da Educación Obrigatoria, de tal modo que todos os alumnos/as experimenten un crecemento efectivo, un desenvolvemento real das súas capacidades.

Unha primeira forma de adecuación á diversidade de capacidades e intereses se pode producir, as veces, sen a intervención directa do profesor no reparto das tarefas entre os distintos membros do equipo. É necesario engadir que, mais as vantaxes que presenta este xeito de proceder, non debe ser o único, xa que podería ocorrer que ao longo de toda a etapa os mesmos alumnos/as se fagan cargo do mesmo tipo de tarefas sen ocuparse doutras que poden ser importantes para o seu desenvolvemento persoal. No caso límite, pode suceder que a determinado tipo de alumnos/as soamente se lles ofrezca executar tarefas manuais.

Convén reflexionar sobre a posibilidade e utilidade de atender a diversidade de capacidades, en casos extremos, mediante actividades de adestramento manual. O uso terapéutico das actividades manuais ten unha longa tradición e abre algunhas expectativas de inserción profesional. A Tecnoloxía, sen embargo non é unha area con intención profesionalizadora senón formadora de cualidades de tipo xeral ás que todo cidadán ten dereito. Non tenta adestrar nun oficio, senón educar e desenvolver estratexias de aprendizaxe. A área debería conservar, no maior grado posible e para todos os seus alumnos/as sen excepción, as súas finalidades educativas xerais e da etapa: desenvolvemento de capacidades cognitivas, afectivas, psicomotoras e de potenciación da autonomía persoal.

Ten interese tamén a posibilidade de graduar a dificultade das tarefas mediante a maior ou menor concreción da súa finalidade. Cando o obxectivo dunha tarefa é simple e está definido de xeito claro e preciso, son menores as dificultades de deseño, que a que ten maiores esixencias cognitivas. A concreción da tarefa e o grado de autonomía do alumno/a son inversamente proporcionais: unha tarefa que é totalmente determinada deixa ao alumno/a o papel executor, sen que practicamente teña que tomar decisión ningunha. Ese é o risco.

Ademais cabe guiar en maior ou menor medida o proceso de solución proporcionando aos alumnos/as instrucións axeitadas, fontes de información e obxectos exemplares, dirixindo a súa atención ás consideracións que permitan acadar unha solución, e no proceso de fabricación, seleccionando as técnicas mais útiles para conformar as

Programación Departamento de Tecnoloxía (2020-21)

distintas pezas de acordo co que teñen previsto, todos os alumnos/as poden acadar resultados positivos. É obvio que ao actuar deste xeito pérdese a posibilidade de que os alumnos/as exerciten e desenvolvan a súa capacidade de creación, de busca e tratamento da información no campo do coñecemento técnico. Por esta razón, este xeito de proceder só é aconsellable nos casos que realmente sexan necesarios.

Un xeito de conseguir a adecuación da diversidade de intereses é permitir a elección entre unha ampla gama de problemas que son semellantes respecto ás intencións educativas. En relación a un determinado conxunto de coñecementos de Tecnoloxía, existen multitude de problemas para os que no proceso de resolución faise uso do dito conxunto. Permitir que os alumnos/as elixan o seu traballo entre todas esas opcións é unha boa forma de acadar un compromiso entre os puntos de vista de coherencia e da disciplina e sociolóxico, dunha banda e psicolóxico, doutra. Compromiso que con frecuencia é difícil, pero que de tódolos xeitos, hai que atender.

É particularmente importante atender a diversidade de intereses entre rapaces e rapazas, prantexando problemas ou propostas respectos dos que as rapazas se sintan interesadas, estimulándoas a superar a súa inhibición á hora de executar unha tarefa técnica ou de asumir a dirección dun grupo, resistíndose a súa tendencia a agruparse entre si. Este supón, é certo, unha certa discriminación positiva.

Os esforzos do profesor por atender esta desigualdade chocarán moitas veces coa inercia nos comportamentos das propias rapazas, froito dunha tradición cultural que predetermina os roles femininos, separando á muller desta forma de coñecemento e condicionando o seu futuro.

O reparto de oportunidades no mundo produtivo entre rapaces e rapazas ten cambiado moi pouco. A escola, no período da ensinanza obrigatoria, debe acercar a Tecnoloxía a chicas e chicos, nun plano de igualdade nun ambiente de cooperación, abrindo así horizontes novos na súa orientación profesional e ofrecendo un terreo de xogo propicio para promover un cambio real de actitudes respecto á igualdade de dereitos e oportunidades entre ambos sexos.

Descrición do grupo despois da avaliación inicial

Á hora de plantexar as medidas de atención á diversidade e inclusión temos que recabar, en primeiro lugar, diversa información sobre cada grupo de alumnos e alumnas. Como mínimo, debe coñecerse a relativa a:

- Número de alumnos e alumnas
- Funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de interese ou atención)
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares

Programación Departamento de Tecnoloxía (2020-21)

- As necesidades que se puideran identificar; convén pensar nesta fase en como se poden abordar (planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula ou estratexias de seguimento da eficacia de medidas.)
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.
- Os desempeños competenciais que hai que practicar no grupo nesta materia.
- Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar aos alumnos e alumnas para os traballos cooperativos.
- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar a nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

Necesidades individuais

A avaliación inicial nos facilita non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes; a partir dela podemos:

- Identificar aos alumnos e alumnas que necesiten dun maior seguimento ou persoalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (se debe ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco ou pola súa historia familiar)
- Saber as medidas organizativas a adoptar. (planificación de reforzos, ubicación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares a adoptar, así como sobre os recursos que se van a empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai empregar con cada un deles.
- Acotar o intervalo de tempo e o modo no que se van avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o xeito no que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe, especialmente, co titor.

6. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

O **artigo 4 do Decreto 86/2015**, que establece o currículo da ESO na Comunidade, suliña a relevancia dos elementos transversais na Programación. Determinase que o desenvolvemento da comprensión lectora, a expresión oral e escrita e a argumentación en público, así como a educación en valores, a comunicación audiovisual e as tecnoloxías da información e a comunicación, se abordan dun xeito transversal ao longo de toda a etapa. Nembargantes, dun xeito xeral, establecemos as seguintes liñas de traballo:

Comprensión lectora: o alumnado se enfrontará a diferentes tipos de textos (por exemplo, instrucións) de

cuxa axeitada comprensión dependerá a finalización correcta da tarefa.

Expresión oral: os debates na aula, o traballo en grupos e a presentación oral dos proxectos son, entre outros, momentos a través dos que os alumnos deberán ir consolidando as súas destrezas comunicativas.

Expresión escrita: a elaboración de traballos de diversa índole (informes de resultados, memorias técnicas, conclusións ou análises de información extraída de páxinas web) irá permitindo que o alumno constrúa o seu portfolio persoal, a través do cal non só se poderá valorar o grao de avance de aprendizaxe do alumno sino a madurez, coherencia, rigor e claridade da súa exposición.

Comunicación audiovisual e TIC: o uso das tecnoloxías da información e a comunicación estará sempre presente, xa que a nosa metodoloxía didáctica incorpora un emprego exhaustivo destes recursos, dun xeito moi activo. O alumnado no só terá que facer uso das TIC para traballar determinados contidos (a través de vídeos, simulacións ou interactividades) senón que deberá empregalas para comunicar aos demais as súas aprendizaxes; por exemplo, mediante a realización de presentacións individuais e en grupo.

Educación en valores: o traballo colaborativo, un dos pilares do noso enfoque metodolóxico, permite fomentar o respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade, así como a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes. Neste sentido, alentaremos o rexeite da discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Respecto diso, queremos suliñar que o Decreto 86/2015, destaca dun xeito significativo a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera outra forma de violencia, racismo ou xenofobia. Se evitarán os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual e intersexual. Tamén traballarase mediante vídeos sensibilizadores a importancia da igualdade de xénero. Noutro orde de cosas, será igualmente importante a valoración crítica dos hábitos sociais e consumo, así como o fomento do cuidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo a súa conservación e mellora.

Emprendemento: a sociedade actual demanda persoas que saiban traballar en equipo. Os centros educativos impulsarán o uso de metodoloxías que promovan o traballo en grupo e técnicas cooperativas que fomenten o traballo consensuado, a toma de decisións en común, a valoración e o respecto das opinións dos demais, así como a autonomía de criterio e a autoconfianza.

7. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Neste curso académico debido a situación sanitaria provocada polo COVID-19 non imos realizar ningunha actividade. Se a situación mellorase intentaríamos realizar as seguintes actividades:

- Participación nos **talleres organizados pola Fundación Barrié** tanto en Vigo como en Coruña.
- **Visita ao Parque eólico experimental de Sotavento:** o alumnado realizaría actividades para ampliar os seus coñecementos sobre enerxías alternativas e aforro enerxético. Esta actividade estaría dirixida a alumnado de **3º de ESO**.
- **Visita ao MUNCYT:** o alumnado tería a oportunidade de visitar o Museo Nacional de Ciencia e Tecnoloxía ubicado na Coruña cunha visita guiada. Esta actividade estaría dirixida ao alumnado de **4º de ESO, 1º e 2º de Bacharelato** tanto de Tecnoloxía Industrial como de Tecnoloxías da Información e da Comunicación.
- **Visita a INDITEX:** os alumnos/as terían a oportunidade de coñecer unha empresa puntera galega. Esta actividade estaría organizada coa colaboración do Departamento de Economía.

O departamento participaría nas actividades organizadas polo departamento de Relixión seguintes:

- **Ruta da auga:** sendeiro polos molinos do Concello de Meis e visita ao Monasterio da Armenteira. Nesta actividade o alumnado coñecería o funcionamento dos molinos e ademais os tipos de estruturas que nos podemos atopar. Esta saída faríase conxuntamente co departamento de Ed. Física, Língua Galega e Relixión. Estaría destinada ao alumnado de **2º ESO**.
- **Belén de Valga:** visita ao Belén artesanal en movemento de Valga onde os alumnos/as poderían comprobar os distintos mecanismos que o compoñen. A saída estaría destinada ao alumnado de **1º e 2º de ESO**.
- **Visita á catedral de Santiago de Compostela** e realización de actividades interdisciplinares dirixidas ao alumnado de 3º e 4º da ESO. A visita realizaríase no terceiro trimestre.
- **Visita á catedral de Tui** e actividades complementarias dirixidas ao alumnado de 1º de Bacharelato durante o terceiro trimestre.

Así mesmo poderase participar noutras actividades que nos ofrezan ao longo do curso académico, e que teñan interese para a formación dos alumnos como exposicións, actividades telemáticas, outras visitas didácticas, charlas ou conferencias.

8. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS

Os criterios para a avaliación do programa serán os seguintes:

- Conseguir que os obxectivos abarquen totalmente as finalidades da materia.
- Verificar que os obxectivos inclúan todas as capacidades e competencias ás que contribúe a materia.
- Lograr que se especifiquen criterios de prioridade en relación cos obxectivos.
- Adecuar o nivel dos contidos ás características dos alumnos/as.
- Conseguir que a secuenciación dos contidos facilite a súa asimilación por parte do alumnado.
- Obter un bo grao de participación coas actividades programadas.
- Axustar o nivel das actividades para que permitan traballar tendo en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe.
- Lograr que as actividades de presentación dos contidos desperte o interese, a curiosidade e a motivación dos alumnos.
- Lograr que as actividades destaquen os aspectos fundamentais da materia.
- Comprobar que as actividades previstas son suficientes para alcanzar os obxectivos da programación.
- Verificar que na programación se especifican todos os recursos utilizados.
- Verificar que os recursos utilizados son atractivos e motivadores.
- Conseguir que os agrupamentos fomenten unha actitude colaboradora entre os alumnos.
- Conseguir avaliar todos os obxectivos programados.
- Empregar procedementos e instrumentos diversos para avaliar.
- Empregar a avaliación con función diagnóstica e formativa.

Así mesmo, velaremos polo **axuste e calidade** da nosa **programación** a través do seguimento dos seguintes **indicadores**:

- a) Recoñemento e respecto polas disposicións legais que determinan os principios e elementos básicos.
- b) Adecuación da secuencia e distribución temporal dos obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis.
- c) Validez dos perfís competenciais e da súa integración cos contidos da materia.
- d) Avaliación do tratamento dos temas transversais.
- e) Pertinencia das medidas de atención á diversidade e as adaptacións curriculares aplicadas.
- f) Valoración das estratexias e instrumentos de avaliación dos aprendizaxes do alumnado.
- g) Pertinencia dos criterios de cualificación.
- h) Avaliación dos procedementos, instrumentos de avaliación e indicadores de logro do proceso de ensinanza.
- i) Idoneidade dos materiais e recursos didácticos utilizados.
- j) Adecuación das actividades extraescolares e complementarias programadas.
- k) Detección dos aspectos mellorables e indicación dos axustes que se realizarán en consecuencia.

Os procedementos para a avaliación do programa serán os seguintes:

- Comparación da avaliación inicial dos alumnos coa avaliación progresiva e final dos alumnos.
- Valoración por parte dos alumnos, do tipo de actividades, temas tratados, métodos utilizados ou formas de agrupamento.
- Observación da resposta dos alumnos na clase no seu traballo diario e fomentando o diálogo con eles.

A avaliación do proceso de ensinanza terá un carácter formativo, orientado a facilitar a toma de decisións para introducir as modificacións oportunas que permitan a mellora do proceso de xeito continuo.

Con isto pretendemos unha avaliación que contribúa a garantir a calidade e a eficacia do proceso educativo. Todos estes logros e dificultades atopados serán recollidos na Memoria Final do curso, xunto coas correspondentes propostas de mellora de cara a que cada curso escolar a práctica docente aumente o seu nivel de calidade.

9. PLAN DE INTEGRACIÓN DAS T.I.C.

OBXECTIVOS

1. Procura de información de contido tecnolóxico organizándoa e presentándoa correctamente.
2. Fomentar a colaboración e comunicación entre alumnado doutros centros, doutro país ou comunidade, vía correo electrónico, e o desenvolvemento de traballos en colaboración e participando en foros.
3. Valorar Internet como medio de comunicación e aprendizaxe así como facilitar a construción do coñecemento.
4. Empregar programas de deseño ou de simulación así como programas específicos para realizar presentacións de diferentes traballos.
5. Intercambiar información e participar en proxectos tecnolóxicos difundindo ditas experiencias.

DESENVOLVEMENTO PRÁCTICO

Temporalización

Integrarase en maior ou menor medida en todas as unidades didácticas.

Recursos necesarios

- Hardware: aula de informática con acceso a Internet.
- Software necesario para a posta en práctica dos distintos contidos
- Ferramentas de comunicación: correo electrónico, Internet, foros ou chats
- Outros: cámara fotográfica dixital, vídeo ou fotos.

10.- PROXECTO LECTOR

OBXECTIVOS

1. Fomentar o gusto pola lectura e valoralo como único medio para o enriquecemento personal no ámbito cultural.
2. Procura de información de contido tecnolóxico, organizándoa e presentándoa con corrección.
3. Integrar os recursos TIC no plan lector.
4. Mellora da biblioteca da aula Taller, con bibliografía específica da área de Tecnoloxía ou de Tecnoloxías da Información e da comunicación.
5. Participación activa do departamento nas recomendacións de compra de libros e revistas de interese para a biblioteca do centro.
6. Formar lectores competentes con capacidade de comprensión, identificación de conceptos principais e datos relevantes para a resolución de problemas.
7. Fomentar o hábito da lectura, en todo tipo de soportes e con todo tipo de finalidades.
8. Traballar a expresión oral concisa utilizando o vocabulario propio da nosa materia.
9. Educar no uso crítico da información.
10. Promover o uso da biblioteca escolar como recurso didáctico importante e como factor de compensación social.
11. Buscar a coherencia e precisión no uso da linguaxe, tanto no nivel descriptivo como no interpretativo.
12. Fomentar actitudes que favorezan a mellora na expresión oral e escrita, a confianza para expresarse en público, o saber escoitar, contrastar opinións e ter en conta as ideas dos demais, especialmente na realización dos proxectos tecnolóxicos.

Programación Departamento de Tecnoloxía (2020-21)

DESENVOLVEMENTO PRÁCTICO

Temporalización

Traballarse en todas as unidades didácticas ao longo do curso académico.

Recursos necesarios

- Biblioteca do centro e da Aula Taller
- Aula de informática con acceso a Internet.
- Xornais e revistas de interese.

11. ACCIÓNS PARA A CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

OBXECTIVOS

A través da materia e tendo en conta o plan de convivencia do centro intentarase:

- Contribuír ao labor de concienciación sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar que permita unha mellor relación ensinanza-aprendizaxe.
- Detectar conflitos que poidan xurdir nas aulas para resolvelos de maneira pacífica.
- Establecer normas de funcionamento e organización das clases da materia ou de calquera espazo que se utilice para impartir a materia.
- Motivar ao alumnado para que comece a interiorización da cultura do diálogo e a mediación.
- Fomentar o respecto entre todos os membros da comunidade e a integración de todos os alumnos/as no centro.
- Fomentar a realización de actividades que potencien o respecto á diversidade.

12. PLAN DE REFORZO E SUPERACIÓN DAS APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES.

O plan de reforzo e superación das aprendizaxes imprescindibles está recollido no Anexo I.

13. PLANIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN EN FUNCIÓN DA SITUACIÓN SANITARIA.

A planificación da programación en función da situación sanitaria está recollida no Anexo I.

ÍNDICE POR CURSOS

TECNOLOXÍA ESO

INTRODUCCIÓN

A tecnoloxía desenvolve un papel fundamental na sociedade actual, porque proporciona un conxunto de coñecementos e de técnicas que permiten satisfacer as necesidades individuais e colectivas. Neste sentido, a tecnoloxía proporciónalles ao currículo a capacidade de analizar e redeseñar a relación entre dispositivos tecnolóxicos e necesidades sociais, ámbito no que a innovación e a condición de inmediato que lle son propias dotan esta materia dunha grande relevancia educativa. Na resolución de problemas tecnolóxicos conxúganse, ademais da innovación, elementos como o traballo en equipo ou o carácter emprendedor, que son imprescindibles para formar unha cidadanía autónoma e competente. Ademais, o coñecemento da tecnoloxía proporciona unha imprescindible perspectiva científico-tecnolóxica sobre a necesidade de construír unha sociedade sustentable formada por unha cidadanía crítica con respecto ao que acontece arredor.

A materia de Tecnoloxía trata de lograr os seus fins abordando un amplo conxunto de temas no cuarto curso de educación secundaria obrigatoria. O bloque de "Tecnoloxías da información e da comunicación" desenvolve os aspectos relativos á comunicación con fíos e sen eles, e ao tratamento, a almacenaxe e a transmisión da información. O bloque de "Instalacións en vivendas" presenta os tipos de instalacións, os seus compoñentes, o seu funcionamento e os hábitos de consumo para o aforro enerxético. O bloque de "Electrónica" é imprescindible nun contexto tecnolóxico que avanza a grande velocidade debido ao uso de dispositivos electrónicos cada vez maior. O titulado "Control e robótica" presenta análises e montaxes sinxelas de sistemas automáticos onde, a partir da información das condicións do contorno, un dispositivo sexa capaz de producir (ou simular) as actuacións programadas. O bloque de "Pneumática e hidráulica" desenvolve os compoñentes e os tipos de circuitos pneumáticos e hidráulicos, intimamente relacionados cos bloques de control e electrónica. E finalmente, no bloque de "Tecnoloxía e sociedade" trátase de reflexionar sobre os avances tecnolóxicos ao longo da historia, e sobre as súas consecuencias.

No conxunto dos bloques desta materia, en resumo, intégranse coñecementos de carácter matemático e científico, polo que un enfoque interdisciplinar favorecerá a conexión con outras materias e mesmo con diversos temas de actualidade.

Desde o punto de vista metodolóxico, o ensino desta materia require que se realicen proxectos nos que se traballe en equipo para resolver problemas tecnolóxicos que permitan explorar e formalizar o deseño, a produción, a avaliación ou a mellora de produtos relevantes desde o punto de vista tecnolóxico e social. Trátase de aprender a identificar e a seleccionar solucións aos problemas técnicos, a realizar cálculos e estimacións, e a planificar a realización de actividades de deseño, de montaxe e de verificación das características dos prototipos, contextos de

Programación Departamento de Tecnoloxía (2020-21)

aprendizaxe nos que son importantes a iniciativa, a colaboración e o respecto polas normas de seguridade, e nos que as tecnoloxías da información e da comunicación son ferramentas imprescindibles para a procura de información, para a elaboración de documentos ou de planos, para a realización de simulacións e de cálculos técnicos e económicos, e para a presentación ou a publicación de resultados.

No ensino da tecnoloxía resulta, xa que logo, adecuado reflexionar e traballar en grupo procurando solucións a problemas nos que se poidan aplicar os coñecementos adquiridos, e buscar información adicional, se se require, para fomentar o espírito emprendedor.

A contribución da materia de Tecnoloxía ao desenvolvemento das competencias clave dependerá en grande medida do tipo de actividades seleccionadas, é dicir, da metodoloxía empregada. Neste sentido, a comunicación lingüística desenvolverase na medida en que o alumnado adquiera e utilice adecuadamente vocabulario tecnolóxico, elabore informes técnicos, explique conceptos ou elabore e expoña información. A competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, competencias específicas desta materia, poden alcanzarse calculando magnitudes e parámetros, e aplicando técnicas de medición e de análise gráfica no contexto do proceso de resolución técnica de problemas, ou construíndo obxectos e verificando o seu funcionamento, competencias que tamén se favorecen utilizando ferramentas e máquinas, analizando procesos e sistemas tecnolóxicos ou mediante a análise e a valoración das repercusións ambientais da actividade tecnolóxica. A competencia dixital desenvolverase có emprego constante das tecnoloxías da información e da comunicación para procurar e almacenar información, para obter e presentar datos e para simular circuitos, sistemas e procesos tecnolóxicos, ou para controlar e programar sistemas automáticos.

